

ENTROIDO 2024

Queridas familias!

Este ano imos a disfrazarnos de ourizos. Como o tema deste curso é a fauna autóctona, o alumnado e as mestras/es, despois de escoitar as propostas das clases, decidimos disfrazarnos deste animal.

Aquí tedes unas fotos de exemplo, aínda que enviaremos datos máis concretos esta semana, con instrucións claras e precisas.



Agora o que nos urxe saber é cantas e cantos de vós ides querer mercar a tela de xeito conxunto co cole. O prezo que nos dan para o cole é de 2,70 por metro. A tela que empregaremos será fieltro, en diferentes tonalidades. O tono do traxe central será marrón e logo as púas combinaranse con ocre e beige ou similar. Calculamos que, dependendo da idade, o traxe levará entre 1,25m e 2 m, en función da altura do neno/a, xa que o fieltro ten un ancho de 0,90m. E despois haberá que coller fieltro para as púas e ahí xa dependerá da cantidade que queirades poñer, o diñeiro que queirades gastar e o traballo que queirades pasar cosendo. Pensamos que mínimo sería medio metro por cor, pero iso quedaría ao voso parecer.

Durante o mes de xaneiro, a biblioteca estará pola tarde dispoñible coa máquina do centro para que poidades vir a cortar e coser os vosos traxes.

Esta semana enviaremos indicacións máis precisas do traxe, pero por favor, enviade mañá ao centro o número de traxes de neno/a ou adulto que precisades para encargar a tela. Despois, como o ano pasado, cada un de vós poderá ir á mercería a collela.

Eu.....nai de.....de.....curso,

precisaría traxes de neno/a e traxes de adulto/a.